

XULLO/AGOSTO 2019

NENAS / NENOS / ACTIVIDADES / EN GALEGO



CONCELLO DE SANTIAGO

XULLO

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
1	2 Estrafalaria	3	4	5	6	7
8	9 Contos miudiños	10	11	12	13	14
15	16 Canta, buguina, canta	17	18	19	20	21
22	23 O paroleiro	24	25 Día de Galicia	26	27	28
29 A rúa é nosa! Territorio xogantín	30 Xogos Paporrubio A rúa é nosa! Territorio xogantín	31 A rúa é nosa! Territorio xogantín	<hr/> <hr/> <hr/> <hr/> <hr/> <hr/> <hr/> <hr/>			

AGOSTO

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
<hr/> <hr/> <hr/> <hr/>			1 A rúa é nosa! Territorio xogantín	2 A rúa é nosa! Territorio xogantín	3	4
5 Ven á carballeira de San Lourenzo! A rúa é nosa! Territorio xogantín	6 Ven á carballeira de San Lourenzo! A rúa é nosa! Territorio xogantín	7 Ven á carballeira de San Lourenzo! A rúa é nosa! Territorio xogantín	8 Ven á carballeira de San Lourenzo! A rúa é nosa! Territorio xogantín	9 A rúa é nosa! Territorio xogantín	10	11
12 Ven á carballeira de San Lourenzo! A rúa é nosa! Territorio xogantín	13 Ven á carballeira de San Lourenzo! A rúa é nosa! Territorio xogantín	14 Ven á carballeira de San Lourenzo! A rúa é nosa! Territorio xogantín	15 Asunción de María	16 San Roque	17	18
19 Ven á carballeira de San Lourenzo! A rúa é nosa! Territorio xogantín	20 Ven á carballeira de San Lourenzo! A rúa é nosa! Territorio xogantín	21 Ven á carballeira de San Lourenzo! A rúa é nosa! Territorio xogantín	22 Ven á carballeira de San Lourenzo! A rúa é nosa! Territorio xogantín	23 Ven á carballeira de San Lourenzo! A rúa é nosa! Territorio xogantín	24	25
26 Ven á carballeira de San Lourenzo! A rúa é nosa! Territorio xogantín	27 Ven á carballeira de San Lourenzo! A rúa é nosa! Territorio xogantín	28 Ven á carballeira de San Lourenzo! A rúa é nosa! Territorio xogantín	29 Ven á carballeira de San Lourenzo! A rúa é nosa! Territorio xogantín	30 Ven á carballeira de San Lourenzo! A rúa é nosa! Territorio xogantín	31	

MARTES DE CONTOS

Estrafalaria

Atenea García

Martes 2 de xullo ás 18 h

Parque de Bonaval

(se chove, CC da Caramoniña)

Diferentes personaxes reflicten a diversidade como unha característica enriquecedora e imprescindible para que a sociedade evolucione cara ao mundo que queremos. No mundo que queremos debe predominar a tolerancia, a solidariedade e a integración, e as mulleres han de achegar os seus coñecementos e seren elas mesmas en cada momento.

+ 3 anos

Entrada libre. Recoméndase levar unha esteira ou toalla para sentar no chan.

Contos miudiños

Charo Pita

Martes 9 de xullo ás 18 h

Parque de Bonaval

(se chove, CC da Caramoniña)



Historias cativas, adobiadas con cancións, falan de que o arco da vella desapareceu e a lúa está triste. Quen lle poderá devolver o sorriso á lúa?

De 0 a 6 anos

Entrada libre. Recoméndase levar unha esteira ou toalla para sentar no chan.

Canta, buguina, canta!

Marta Ortiz

Martes 16 de xullo ás 18 h

Parque de Bonaval

(se chove, CC da Caramoniña)

Soprando a buguina comezaremos a viaxe dos sentidos nun barquiño de pau. Nesta viaxe recitaranse poemas, xogarase coas palabras, debuxaranse ideas e transitarase o emocionario. Un completo xogo imaxinativo para recrear o mundo marítimo!

De 0 a 6 anos

Entrada libre. Recoméndase levar unha esteira ou toalla para sentar no chan.

O Paroleiro

Os Contos de Pablísimo

Martes 23 de xullo ás 18 h

Parque de Bonaval

(se chove, CC da Caramoniña)

Xogos de sombras, monicreques, poemas numéricos, contos de nunca rematar, ladaíñas, brinquedos, cancións, narración oral... Pablísimo achega a súa nova colección de relatos en que enredar unha tarde de verán.

De 3 a 9 anos

Entrada libre. Recoméndase levar unha esteira ou toalla para sentar no chan.

Xogos Paporrubio

Luchi Iglesias

Martes 30 de xullo ás 18 h

Parque de Bonaval

(se chove, CC da Caramoniña)

O paporrubio, calzado cuns zoquiños, guía crianzas e maiores por unha eira chea de xogos. As participantes nesta aventura poderán ilos descubrindo e sorprendense grazas ás pequenas historias contadas e cantadas polos animais e habitantes da granxa, elaborados como xoguets, marionetas e xigantes.

+ 3 anos

Entrada libre. Recoméndase levar unha esteira ou toalla para sentar no chan.

A rúa é nosa!


Territorio xogantín

Xandobela

Do 29 de xullo ao 30 de agosto (agás fins de semana e festivos) de 11.30 a 13.30 h

Punto de encontro: praza do 8 de Marzo

(se chove, Casa do Matadoiro)



Non hai escola, non estás de viaxe... vas ficar na casa? Mellor quedamos e facemos nosa a rúa. Iso si, sen mamá e papá, para enredar libremente.

De 6 a 10 anos

De balde. Inscripción no punto de encontro durante os primeiros 15 minutos. 20 prazas por orde de chegada. Recollida no mesmo punto.

Ven á carballeira de San Lourenzo!

4 xundas: do 5 ao 8, do 12 ao 14, do 19 ao 23

e do 26 ao 30 de agosto, de 11 a 13.30 h

Carballeira de San Lourenzo

(se chove, CC de San Lourenzo)

Animación lúdico-educativa semanal na carballeira de San Lourenzo orientada ao descubrimento e coñecemento deste espazo natural de Compostela. Actividades todas as mañás laborables do mes de agosto.

De 6 a 12 anos

De balde. 20 prazas por quenda semanal.

Preinscripción en viveoveran@santiagodecompostela.gal

SOMOS DETECTIVES

Chegou o verán e con el os días que avanza lentamente para quedar gravados nas cabezas das máis miúdas como se merecen. Cal caracois, transcorren paseniño deixando nas súas vidas unha pegada brillante de risas, xogos, carreiras, pantalóns curtos e amizades eternas. Con cada primeira raiola de xullo, as que xa non somos tan nenas botamos os cornos ao sol e a ollada atrás para lembrar tamén aqueles nosos días lentos e brillantes. Pasar tempo en familia, xogar, pasear xuntos, conversar... é a mellor maneira de percorrermos ese camiño de volta á infancia ao tempo que construímos un novo ronsel de recordos felices para as nosas crianzas.

Propoñémosvos un xogo para estes meses de verán que vos ha levar, con certeza, ao pasado. Imos facer de detectives e investigar a quen pertenceron algunhas das casas máis antigas de Compostela hai moitos, moitos anos.

Porque, do mesmo xeito que os caracois deixan marcas por onde pasan, as mulleres e os homes

tamén deixamos pegadas alí por onde imos e onde vivimos.

Seguro que moitas vos tedes fixado nos debuxos que aparecen gravados nalgúns edificios antigos da cidade: cunchas, cruces ou mesmo animais albíscanse nas fachadas da zona monumental. Pois imos poñernos na pel de Sherlock Holmes e descubrir as

marcas que a Igrexa, a Universidade ou o Concello fixeron hai séculos sobre as súas propiedades.

Así que, como di a canción: *Caracol, caracol, sae da casa que xa hai sol!*

Velaquí tedes unha pequena guía para comezar!

FONTE: qredescubrecompostela.blogspot.com



CUNCHA

Propiedade da Igrexa
(Cabido catedralicio)

Frecuente na rúa do Vilar, rúa Nova, Sar, Hortas, Carretas e rúa do Franco.



PIÑEIRO

Propiedade da Igrexa
(Mosteiro de S. Martiño Pinario)

Frecuente nos barrios de San Pedro, Pelamios e rúas próximas ao mosteiro (Loureiros, Xasmíns, Costa Nova e Costa Vella).



CÁLIZ

Propiedade do Concello

Frecuente nas rúas das Rodas, Carne de Abaixo e rúa do Medio.



POMBA-GALIÑA-AVE
Propiedade da Igrexa
(Confraría do Sancti Spiritus)

Ten a súa sede na capela do Espírito Santo, dentro da catedral.



CRUZ

Propiedade do Hospital dos Reis Católicos

Ás veces aparece canda as abreviaturas "OSP" e "RE".



ESCUDO DE FONSECA
Propiedade da Universidade

Cinco estrelas de seis ou oito puntas dispostas en aspa. Ás veces aparece cunha cruz enriba ou coas letras "L R UNIV".